



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE ABRIL DE 2014

LICENZAS

LIC/484/2014.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URB. IBERGALICIA, AVDA. JUAN XXIII.- Conceder a licenza de obra de rehabilitación de fachadas dos bloques 1,2 e 3 na Rúa Pintor Lino Villafinez-Modesto Brocos.

LIC/757/2012.- MARCOS MIRAMONTES REY.- Conceder licenza para construción de vivenda unifamiliar en LG Paredes de Laraño, parcela 181A.

CORRECCIÓN DE ERRO

LIC/923/2012.- YOLANDA PEÓN FERNÁNDEZ.- Subsanan o erro material no acordo de Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela que tivo lugar o 10 de abril de 2014, acordar estimar o Recurso de Reposición e outorgar licenza para a reforma e ampliación e a licenza de apertura para edificio residencial comunitario en Camiño do Lermo, 27.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

LIC/110/2014.- DUPLEX ELEVACION S.L.U.LIC/1567/2012.....1.500€

4.- Proposta do concelleiro delegado de Festas en relación co contrato de arrendamento de equipos de iluminación pública navideña e instalación nas rúas e prazas do Casco Histórico, Ensanche e Igrexas das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de NADAL 2013.

A XGL aprobou a proposta do concelleiro de Festas incautar a garantía constituída pola empresa Iluminaciones Santiaguesas S.A ao seren detectados danos provocados pola instalación da luminaria na Praza de Praterías, concretamente, no edificio Claustal da Catedral. Estes danos foron detectados nun oco e na reixa de ventá deste edificio. O arquitecto municipal estimou eses danos na cantidade de 3.485,92 €. Posto que a fianza é so de 3.000 € procederáse ao cobro mediante procedemento de apremio. Nembargantes do explicado, daráselle audiencia ao interesado para que o custo de ditos arranxos poidan ser pagados polo seguro da empresa.

5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á participación do Concello de Santiago como xefe de fila no proxecto europeo TRAIN4LIFE cofinanciado polo Programa Europeo Erasmus +.

Este proxecto europeo ten como fin desenvolver un programa de formación para mellorar a cualificación do sector dos drogodependentes e facilitar a súa reintegración na sociedade e no mercado laboral. A participación de drogodependentes de varios países posibilitará contrastar as necesidades comúns e particulares de cada sitio e identificar un abanico de temas de interese. No deseño dos programas de formación participarán outros colectivos como as ONG. Os membros do proxecto son a UMAD do Concello de Santiago, a ONG Merseyside Expanding Horizons do Reino Unido e a ONG Institute for Training of Personnel in Internacional Organizations de Bulgaria. O presuposto total do proxecto é de 102.342 € dos que o Concello aportará 5.917 €.

6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao escrito presentado polo Presidente da Comunidade de Propietarios da Avda. de Lugo 235.

Como en outros casos, a XGL aprobou esta proposta da concelleira de urbanismo coa que se expropia parte do edificio en beneficio desta Comunidade de propietarios e que ten como fin poder realizar a instalación dun ascensor.

7.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto básico e de execución de reurbanización da rúa de Carretas.

A XGL aprobou a proposta da concelleira pola que se dá o visto bo ao proxecto de reurbanización da rúa Carretas. A intervención recollida neste proxecto forma parte dunha serie de actuacións estruturadas desde a OCIHR para a mellora do espazo existente na actualidade e contou coa aprobación por unanimidade da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico. O obxecto desta actuación é continuar coa reforma e completar a reconfiguración do eixe das rúas San Clemente, Trinidad e Carretas. O presuposto de licitación desta obra é de 838.811,83 € e ten un prazo de execución de 5 meses.

8.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Deportiva Squash Club Santiago para o desenvolvemento do Campionato de España Absoluto de Squash.

Deuse conta por parte do concelleiro de Deportes da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Deportiva Squash Club Santiago para o desenvolvemento do Campionato de España Absoluto de Squash e ó que o Concello de Santiago aportou 12.000 € achegados ao Squash Club.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a USC para a realización de prácticas de alumnado do Master en procesos de formación da Facultade de Ciencias da educación.

A proposta da concelleira de Benestar a XGL aprobou o convenio de colaboración entre o Concello e a USC para a realización de prácticas de alumnado do Master en procesos de formación da Facultade de Ciencias da educación. Esta colaboración representa para os obxectivos formativos desa Facultade un complemento importante para a formación do alumnado respecto do coñecemento da realidade empresarial no ámbito das ensinanzas teóricas impartidas ao alumnado, para a mellor cualificación e a futura adaptación aos postos de traballo demandados polas empresas. Así mesmo, este acordo representa unha nova posibilidade de cooperación educativa entre ambas institucións.

2.- Proposta da concelleira delegada de Muller relativa á aprobación das bases e convocatoria de subvencións para o fomento de actividades en prol da igualdade e do movemento asociativo de mulleres para 2014.

Coa finalidade de contribuir ao financiamento de actividades do movemento asociativo de mulleres de Compostela e co obxecto de subvencionar o fomento de actividades que favorezan o desenvolvemento integral da muller, promovan a súa participación activa en todos os eidos e contribúan a facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes e, de conformidade co informe da xefa de servizo a XGL aprobou a proposta da concelleira de Benestar pola cal se aproban as bases para estas subvencións, que contarán cunha contía total de 17.000 €.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e seguridade relativa á subsanación de erro no convenio de outorgamento de subvención á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Santiago.

A XGL aprobou a proposta do concelleiro de Mobilidade que recolle a corrección deste erro consiste nesta nova redacción que se deu á cláusula terceira do convenio e que agora recolle que se aboará 20 €/día e por unha xornada máxima de 6 horas por gastos de transporte e manutención aos voluntarios de Protección Civil.

4.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do expediente de conservación, mantemento e reparación de pavimentos en viarios municipais do término municipal non incluídos no ámbito da Cidade Histórica de Santiago, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación.

A concelleira de Desenvolvemento Urbano presentou a proposta aprobada pola XGL e que incia o procedemento para a contratación de conservación, mantemento e reparación de pavimentos en viarios municipais do término municipal non incluídos no ámbito da Cidade Histórica de Santiago. A duración deste contrato será dun ano con posibilidade de prórroga por outro. Ten un tipo de licitación de 300.000,01 € IVE incluído e distribuído da seguinte forma:

Anualidade 2014: 150.000,01 €

Anualidade 2015: 150.000 €

5.- Proposta relativa á modificación das bases do sorteo dos premios concedidos ao Concello pola entidade Eganet á páxina web municipal do Castelo da Rocha, aprobadas no punto 27 da sesión de 10.4.a4. (Se trata de ampliar los plazos para inscripción del sorteo y realización de éste).

Á vista do informe da Técnica da Oficina de Promoción Económica e a proposta da Concelleira de Economía prolongase o prazo de inscrición para participar no sorteo destes premios: bono para programa na Escola de Negocios de Novagalicia Banco e un curso on line de Businees Strategy ata o 23 de maio en vez de ata o 21 de abril e os sorteos serán o 27 de maio ás 12 horas.

6.-Festa dos maiores.

A XGL aprobou a proposta do Concelleiro de Festas o inicio do expediente para contratar a Festa dos maiores que se celebrará o 31 de maio e que terá un orzamento de licitación de 33.996,60 € IVE engadido.